

# Celga



# 4

## PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA  
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL  
DE POLÍTICA  
LINGÜÍSTICA

C4-B-III-22



## PARTE 1 (Vídeo)

A continuación, vai ver vostede dúas veces seguidas un vídeo sobre O Bierzo. Tome as notas que precise.

Na entrevista oral terá que:

- Resumir o vídeo.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

### ADN galego no Bierzo

**Presentadora:** Balboa é un concello de tan só 371 habitantes no noroeste da comarca do Bierzo. Oficialmente pertence a León, pero imos comprobar que é como se estivésemos en Galicia. Os nomes das parroquias deste municipio sonnos moi familiares: Castañeiras, Chan do Vilar, A Roda, Rui de Ferros e de Lamas, Vilanova. Balboa é un dos concellos que pertencen á chamada Galicia estremeira, a denominación que reciben todos aqueles territorios galegofalantes que na actualidade se atopan fóra das fronteiras de Galicia baixo a administración de Castela-León e Asturias. Entre pallozas e lume, atopamos unha fermosa historia de amor. Víctor vivía na vila galega do Cebreiro, a moi poucos quilómetros de aquí, pero saía moitas veces por Balboa, aquí frecuentaba moito un bar e alí coñeceu a Lorena, a súa moza, que se dedica ao turismo nesta localidade.

**Víctor:** Pois eu cheguei aquí, por amor, principalmente, por... tamén por *cercanía* e porque no meu lugar de residencia, no Cebreiro, non había moito movemento, *íamos* pois baixando por aquí que está cerquiña. A vida normalmente é moi tranquila e moi familiar, somos moi pouquiños veciños, todos coñecidos e todo moi agradable. *Esto* que temos aquí detrás, pois é unha palloza. Pois mira, agora estamos aquí na palloza municipal de Balboa e aquí tedes *ao* alcalde, Juanjo.

**Presentadora:** Ola, que tal? Juanjo, *eres* galego?

**Juanjo:** Somos do Bierzo pero *bueno*, falamos galego desde a *cuna*.

**Presentadora:** Pero falas galego máis que castelán?

**Juanjo:** *Siempre*, sobre todo coa xente de aquí, hai sempre *eso* porque intentas, claro, a xente que fala *castellano*, pois bueno, máis difícil tal... pero aquí todo *díos*, entre nós falamos galego. Nós aquí tamén, polo tema tamén da xeografía, sempre *tuvemos* máis relación con Galicia.

**Víctor:** As pallozas son unha evolución dos antigos castros celtas, que eran as vivendas que utilizaba antes a xente e típicas da zona de Ancares. Están teitadas con palla de

centeo, todas atadas coa mesma palla e... basicamente, pois eran, *eso*, as vivendas que utilizaban tamén para o gando e para... aquí vivía xente e gando e todo. O teito no inverno funciona perfectisimamente, *esto como si fora pizarra* ou tella.

**Presentadora:** Como ocorre en moitas vilas de Galicia, hai xente nova que segue quedando na aldea e loita por dinamizar o rural. E así, neste pequeno concello de apenas 300 habitantes, buscan no turismo unha forma para manter viva a vila.

**Víctor:** Agora mesmo en inverno, pois é moi tranquilo, pero en verán cambia radicalmente un 100 %. Aquí pois fanse *unhos*, un festival de reggae inmenso que ocupa todo este prado que hai aquí, o río énchese. É Lorena, a miña parella e a razón pola que estou aquí.

**Lorena:** Pois son de aquí de Balboa, si.

**Víctor:** Coñecémonos aquí en Balboa pero, pois hai catros anos e pico xa que estamos xuntos.

**Lorena:** Porque ao final estamos moi cerquiña e vas saíndo sempre nos mesmos sitios e vas coñecendo a xente do arredor e, aínda que haxa unha, as fronteiras non existen realmente. Traballo aquí na Casa das Xentes, que é este espazo que estades vendo agora *mismo*. É moi especial para nós aquí en Balboa, é un pouco a nosa *seña* de identidade. Alberga a obra de Domingo González, que é un autor, artista local de aquí da zona.

**Presentadora:** E se hai un produto que estea axudando a dinamizar esta zona, ese é a castaña. No obradoiro de Enrique danlle mil utilidades a este prezado froito que tamén se dá moi ben en Galicia.

**Enrique:** Si, eu son de aquí de Balboa, dun *pueblo* de Balboa que é da provincia de León. *Bueno*, pois aquí temos madalenas e *bizcochos*, que os facemos con fariña de castañas. A primeira zona de produción é Galicia e a segunda zona de produción é O Bierzo, que máis ou menos calcúlase que cada ano sairán uns 8 ou 9 millóns de kg de aquí da zona do Bierzo. Eu sempre quixen vivir nos *pueblos*, é un dos poucos recursos que había para poder sobrevivir, *entonces* empezamos pouco a pouco a traballar coa castaña. Pois agora estamos chegando á nosa *tienda*, que é onde vendemos os produtos e é como un hórreo de tipo tradicional, feito todo con madeira de castañeiro. Estamos probando aquí a *cerveza* de castañas que facemos aquí nesta empresa e..., como podedes ver, ten *un color dourado* e ten un sabor un pouco máis *dulce* que *aporta* o *dulzor* das castañas e tamén un pouco de *grado* de alcohol porque como ten moitas *glucosas* e *azúcares*, pois é o que podemos percibir.

**Lorena:** *Si* che gusta a, *eso*, un toque máis *dulce*, menos *agria*, é a propia.

**Todos:** Ata logo, chao, *adiós*, *hasta luego*.

**PARTE 2**

<b>1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL</b>	<b>1-2 minutos aprox.</b>
<p>Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"><li>■ Como se chama?</li><li>■ A que se dedica?</li><li>■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...</li><li>■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda?</li><li>■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten?</li></ul> <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"><li>■ Que lle gusta máis da cultura galega?</li><li>■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?</li></ul>	
<b>2. RESUMO</b>	<b>3 minutos aprox.</b>
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do vídeo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do vídeo.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>■ En que lugar se desenvolve o vídeo?</li><li>■ Quen son os seus protagonistas?</li><li>■ Por que motivo foi Víctor vivir ao Bierzo?</li><li>■ Gústalles o lugar no que viven?</li></ul>	

3. EXPOSICIÓN

3-4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha **exposición de 2-3 minutos**, na cal defenda o seu punto de vista ou argumento sobre ese tema. Daráselle **1 minuto para pensar** ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero **EN NINGÚN CASO** se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.

Realice unha exposición acerca dos seguintes enunciados:

- A. O amor é un importante motor de cambio, por el podemos mudar de traballo, de lugar de residencia, de vida...
- B. Viaxando apréndese que as fronteiras son artificiais: as parroquias, os concellos, as provincias, as comunidades e mesmo os países marcan divisións ás veces moi inxustas.
- C. Galicia non remata en si mesma, hai unha Galicia exterior cun peso máis importante do que comunmente se cre.
- D. Unha boa forma de poñer en valor calquera territorio é explotando e promovendo o propio.
- E. A Casa das Xentes é un excelente exemplo de rehabilitación e aproveitamento do patrimonio herdado para usos actuais.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo coa persoa candidata. A opción de preguntas que se lle dará á persoa candidata (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

**O amor é un importante motor de cambio, por el podemos mudar de traballo, de lugar de residencia, de vida...**

- Provocou o amor algún cambio na súa vida ou na dalgunha persoa coñecida? Se é así, conte a experiencia.
- No vídeo, o protagonista cambia de concello e de comunidade por amor, pero hai xente que cambia de país, de continente, de idioma... Faría vostede algo así? Por que?
- Dise que a vida é cambio constante. Que opina vostede ao respecto?
- No vídeo móstrannos como se converteu un polideportivo nun museo, que lle parece ese cambio?
- Considérase vostede unha persoa aberta aos cambios ou, polo contrario, estes resúltanlle pouco atractivos? Por que?
- Opoñerse aos cambios e aferrarse ás rutinas ás veces produce sensación de seguridade, non cre?
- Pero tamén pode ser que o máis interesante da vida ocorra cando hai cambios, non lle parece?
- Algunha vez na súa vida sentiu que precisaba un gran cambio? Conte a experiencia. Se iso non lle pasou nunca, cre que podería ocorrerlle no futuro? Que faría entón?

(Se procede)

- Existen diferenzas ou semellanzas entre a maneira de enfrontarse aos cambios en Galicia e no seu lugar de orixe?

**OPCIÓN B**

**Viaxando apréndese que as fronteiras son artificiais: as parroquias, os concellos, as provincias, as comunidades e mesmo os países marcan divisións ás veces moi inxustas**

- Que opina das fronteiras? Cal cre que é a razón da súa existencia?
- Parécelle que son necesarias ou que deberían suprimirse? Por que?
- Europa é un exemplo de espazo sen fronteiras. Considera isto positivo ou negativo? Por que?
- Parécelle que un mundo sen fronteiras é imposible? Por que?
- Todos os participantes no vídeo falan galego, pero case todos son de fóra de Galicia. Que lle parece?
- Hai fronteiras administrativas, fronteiras naturais, fronteiras lingüísticas. Que outras fronteiras se lle ocorren? Cales cre que separan máis?
- Pensa vostede que o proceso da globalización no que estamos inmersos mundialmente pode provocar a desaparición das fronteiras?

(Se procede)

- Existen diferenzas sobre a concepción das fronteiras en Galicia e no seu lugar de orixe?

**OPCIÓN C**

**Galicia non remata en si mesma, hai unha Galicia exterior cun peso máis importante do que comunmente se cre**

- Foi algunha vez ao que no vídeo denominan “Galicia estremeira”? Se é así, conte a súa experiencia. Se non, gustaríalle ir? Por que?
- Sabía vostede que a lingua galega se fala máis alá das nosas fronteiras administrativas? Que opina ao respecto?
- Sorpréndelle que haxa xente de fóra de Galicia que sexa galegofalante dende a infancia? Que pensa ao respecto?
- Coñece outros territorios nos que se fale galego, ademais das zonas occidentais de Asturias e Castela e León? Sóalle Estremadura?
- Sabía que entre esas tres comunidades suman máis de cincuenta concellos nos que se fala galego? Que lle parece?
- De onde vén, ao seu xuízo, a presenza do galego neses lugares?
- Hai anos dicíase que a maior cidade galega era Bos Aires. Oíu isto algunha vez? Que pensa ao respecto?
- Sabía que se ensina galego nalgún colexio de Londres ou de Bos Aires? Que lle parece?
- Hai xente que comeza a lle dar valor a Galicia e ao galego ao saír fóra, coñece vostede algún caso?

(Se procede)

- Escoitara vostede falar de Galicia ou do galego antes de vir a Galicia?

**OPCIÓN D**

**Unha boa forma de poñer en valor calquera territorio é explotando e promovendo o propio**

- Balboa, o concello do vídeo, conta con menos de 400 habitantes, e está afastado das principais vías de comunicación; porén, parece un lugar cheo de vida, a que cre que é debido?
- Poñer en valor o patrimonio cultural no rural pode ser un motor de desenvolvemento que axude a reducir a pobreza e o illamento dos seus habitantes?
- Pensa vostede que conservar o patrimonio reforza a identidade dos seus habitantes e supón un factor de atracción para os que veñen de fóra?
- Non cre que a recuperación do patrimonio en lugares como Balboa supón un aumento de oportunidades de negocio para os seus habitantes? Por que? Cre que estas iniciativas axudan a loitar contra o éxodo do rural?
- Cre que os seus habitantes están orgullosos do seu? Por que?
- Pensa que se trata dun caso excepcional ou opina que en todas as partes sería posible poñer en valor os recursos propios?
- Coñece algún caso similar ao de Balboa? Se é así, coménteo.
- Cales son, ao seu xuízo, as principais vantaxes que se derivan deste tipo de iniciativas?
- Considera que con este tipo de accións poden acabar converténdose os lugares en simples museos? Por que?
- Que opina da introdución de eventos alternativos no rural, como pode ser a organización dun festival de reggae? Parécelle positivo ou negativo? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas respecto desta cuestión en Galicia e no seu lugar de orixe?

**OPCIÓN E**

**A Casa das Xentes é un excelente exemplo de rehabilitación e aproveitamento do patrimonio herdado para usos actuais**

- Coñece algún outro caso similar ao da Casa das Xentes, un pavillón de deportes do colexio que, pola falta de nenos, é agora un centro cívico?
- Que opina sobre eses cambios de uso destas infraestruturas?
- Cre que os materiais tradicionais (pense na palloza do vídeo) poden dar bos resultados en construcións modernas?
- Parécelle que dar un novo uso a algo que perdeu a súa función é unha acción de reciclaxe? Por que?
- Cre que estas accións serven para salvagardar o patrimonio? Por que?
- Melloran as condicións de vida da cidadanía? En que sentido?
- As administracións deberían de implicarse máis con este tipo de accións ou debe ser o capital privado o que tome a iniciativa? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas respecto desta cuestión en Galicia e no seu lugar de orixe?



